

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Orde do 3 de abril de 2009 pola que se constitúen os pactos territoriais de emprego da Coruña, de Santiago, de Pontevedra e de Vigo e se adscriben os concellos de Monfero e Calvos de Randín aos pactos territoriais de Ferrol e A Limia-Verín respectivamente.

O Decreto 98/2008, do 15 de maio, polo que se crean e regulan os órganos consultivos denominados pactos territoriais de emprego, configura estes como órganos de carácter colexiado, de participación institucional e de concertación entre os seus integrantes, para a xestión coordinada do conxunto dos recursos públicos que se destinan ao emprego no ámbito territorial do pacto e adscritos ao departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de emprego.

O citado decreto establece no seu artigo 3 parágrafo primeiro que poderán crearse ata un máximo de quince pactos territoriais de emprego que, no seu conxunto, abranguerán a totalidade do territorio de Galicia.

Pola disposición adicional segunda do Decreto 98/2008, do 15 de maio, constitúense os pactos territoriais de emprego da Costa da Morte, de Lugo, de Valdeorras e do Salnés, e consonte o establecido no parágrafo segundo do artigo 3 do citado decreto, que establece que corresponde ao titular do departamento con competencias en materia de traballo dispoñer mediante orde a creación dos pactos territoriais, pola Orde do 3 de xuño de 2008 constitúense os pactos territoriais de emprego da Barbanza, Ferrol, da Mariña, de Lemos, de Ourense, da Limia-Verín e de Deza-Tabeirós.

Procede agora a creación dos catro pactos territoriais restantes ata completar os quince previstos.

É polo que, en virtude das competencias outorgadas polo artigo 3.2º do Decreto 98/2008, do 15 de maio, polo que se crean e regulan os órganos consultivos denominados pactos territoriais de emprego, tendo en conta o ditame do Consello Galego de Relacións Laborais, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Constitución dos pactos territoriais de emprego da Coruña, de Santiago, de Pontevedra e de Vigo.

1. Créanse catro pactos territoriais de emprego, co que se completa o mapa de pactos de Galicia, cuxo ámbito territorial abranguerá os concellos que se sinalan:

-Pacto Territorial de Emprego da Coruña.

Abranguerá o territorio dos seguintes concellos: Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cerceda, Cesuras, Coirós, A Coruña, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza dos Ríos, Paderne, Sada, Sobrado dos Monxes, Vilarmaior e Vilasantar.

-Pacto Territorial de Emprego de Santiago.

Abranguerá o territorio dos seguintes concellos: Ames, Arzúa, A Baña, Boimorto, Boqueixón, Brión, Dodro, Frades, Melide, Mesía, Negreira, Ordes, Oroso, Padrón, O Pino, Rois, Santiago de Compostela, Santiso, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra.

-Pacto Territorial de Emprego de Pontevedra.

Abranguerá o territorio dos seguintes concellos: Barro, Bueu, Caldas de Reis, Campo Lameiro, Cotobade, Cuntis, A Lama, Marín, Moraña, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra, Portas e Vilaboa.

-Pacto Territorial de Emprego de Vigo.

Abranguerá o territorio dos seguintes concellos: Arbo, Baiona, Cangas, A Cañiza, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Moaña, Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, As Neves, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, Pontearreas, O Porriño, Redondela, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior, Tomiño, Tui e Vigo.

2. Os pactos territoriais de emprego creados ao abeiro desta orde rexeranse polas normas contidas no Decreto 98/2008, do 15 de maio, polo que se crean e regulan os órganos consultivos denominados pactos territoriais de emprego.

Artigo 2º.-Modificación de pactos existentes.

1. O concello de Monfero inclúese no Pacto Territorial de Ferrol.

2. O concello de Calvos de Randín, que pertencía ao Pacto Territorial de Ourense, inclúese no Pacto Territorial da Limia-Verín.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Formación e Colocación para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2009.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 7 de abril de 2009 pola que se desenvolven as medidas urxentes previstas no Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, para a recuperación das zonas forestais polos danos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro.

O Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, regula as axudas para a reparación dos danos e, se for o caso,

perdas causados polo temporal que afectou Galicia os días 23 e 24 de xaneiro de 2009.

Segundo o disposto no artigo 7 da citada norma, serán obxecto de axudas os danos e perdas causados polo temporal en explotacións forestais, tanto nas instalacións e edificacións propias da actividade como nas producións afectadas, que non fosen cubertas polas medidas que puidesen adoptar outras administracións ou por calquera outra fórmula de aseguramento, público ou privado.

As medidas reguladas nesta orde réxense polo réxime establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aínda que acolléndose expresamente ao procedemento de concesión directa previsto no artigo 19.4º c) e 26 da citada norma, dadas as razóns de interese público que concorren neste caso.

En consecuencia, estímase conveniente establecer as medidas para paliar os danos causados polo temporal acontecido os días 23 e 24 de xaneiro en Galicia ás explotacións forestais, especialmente intensos en determinados concellos, tendo en conta a urxencia por aproveitar rapidamente a madeira danada para o seu inmediato procesamento ou almacenamento en condicións que eviten a perda da súa calidade, coa finalidade primordial de evitar a aparición de focos de pestes e enfermidades que afecten as masas danadas e para evitar altas concentracións de biomasa que incrementarían o risco de incendios forestais. Así, o obxectivo fundamental da retirada da madeira afectada polo temporal é o correcto mantemento das masas forestais galegas e a recuperación do potencial danado, tanto desde o punto de vista da biodiversidade como da saúde e vitalidade das ditas masas, quedando así garantida a permanencia delas.

Pola súa banda, o Decreto 562/2005, do 1 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, atribúe a esta consellería, a través da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, a competencia en materia de prevención e loita contra os incendios forestais.

As circunstancias anteriores aconsellan o establecemento dun procedemento de outorgamento de axudas en especie, conforme o previsto no artigo 3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consistente na retirada dos montes dos pés afectados, realizada de xeito ordenado e atendendo as prioridades de actuación que virán derivadas da localización das zonas afectadas, en función de que estas sexan de alto risco de incendio. Estas razóns de interese público xustifican a actuación directa da Administración, utilizando os seus propios medios ou acudindo á contratación administrativa.

A disposición derradeira primeira do Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, faculta os titulares dos distintos departamentos autonómicos para ditaren, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento, entendendo como competente á Consellería do Medio Rural para a concesión das axudas por danos e perdas en explotacións forestais.

En consecuencia, após o Acordo do 27 de febreiro de 2009, asinado pola Consellería do Medio Rural cos representantes do sector forestal e da industria da madeira galegos, que ten como obxectivo fundamental minimizar os danos e perdas ocasionados polo temporal acaecido en xaneiro de 2009 aos propietarios e silvicultores galegos, de conformidade co artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confiren os artigos 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño) e no uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1998,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Esta orde ten por obxecto o desenvolvemento das medidas urxentes, previstas no Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, para a reparación dos danos que, causados polo temporal que padeceu Galicia os días 23 e 24 de xaneiro de 2009, afectasen os titulares de aproveitamentos forestais madeireiros, consistentes na corta e retirada dos pés madeireiros afectados, ao pé da pista ou do cargadoiro.

2. As medidas previstas nesta orde serán de aplicación nos ámbitos territoriais dos concellos que se relacionan no anexo I desta orde.

Artigo 2º.-Natureza das medidas.

As medidas previstas nesta orde concederanse en réxime de concesión directa, serán financiadas con cargo aos orzamentos da Consellería do Medio Rural e para a súa execución seralles de aplicación o previsto no artigo 4 do Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, respecto do réxime de contratación previsto nel.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Serán beneficiarios das medidas previstas nesta orde os titulares de aproveitamentos forestais situados nos concellos relacionados no anexo I, con mais de 0,5 hectáreas de superficie afectada polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro.

2. No desenvolvemento da execución das actuacións obxecto desta orde, atenderase preferentemente a orde seguinte:

a) Solicitudes realizadas por comunidades de montes veciñais en man común, sociedades agrarias de transformación, cooperativas ou outras entidades asociativas de titulares de aproveitamentos forestais legalmente constituídas mediante calquera fórmula admitida en dereito.

b) Solicitudes formuladas por titulares de aproveitamentos forestais en montes que teñan proxecto de ordenación ou Plan técnico de xestión do monte en vigor aprobado pola administración e/ou que estea certificado, baixo calquera dos sistemas máis recoñecidos (PEFC e/ou FSC).

c) Solicitudes presentadas por agrupacións informais de titulares de aproveitamentos que se formulen, de forma conxunta, sobre predios estremeiros

cunha superficie mínima de aproveitamento superior ou igual a 0,5 hectáreas.

3. A execución das medidas previstas nesta orde terá carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, do cal poidan ser beneficiarios os afectados e cando os citados sistemas non cubran a totalidade dos danos producidos, serán compatibles en concorrencia con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos e recursos procedentes de sistemas públicos ou privados, estatais ou internacionais, ata o límite do valor do dano ou perda producido.

Artigo 4º.-*Solicitudes e documentación.*

1. As solicitudes presentaranse mediante instancia segundo o modelo do anexo II, debidamente cuberta e asinada polo beneficiario, dirixidas ao conselleiro do Medio Rural. Presentaranse preferentemente no rexistro xeral da Xunta de Galicia nos servizos centrais, ou no modo previsto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A presentación da solicitude comporta o compromiso de facilitar a documentación complementaria que se poida requirir, así como de permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto esta Administración considere oportunas. Así mesmo, leva consigo a autorización ao órgano xestor da axuda de solicitar as certificacións nos termos do artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ten a posibilidade de denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón as certificacións nos termos previstos no número 3, alínea i) deste artigo.

3. Xunto á solicitude, os titulares de aproveitamentos forestais deberán remitir a seguinte documentación:

- a) Copia do NIF ou CIF do solicitante.
- b) Documento xustificativo da titularidade do aproveitamento madeireiro nas superficies obxecto de solicitude de execución das medidas previstas nesta orde.
- c) No caso de persoas xurídicas, copia compulsada do documento de constitución da sociedade ou asociación e dos estatutos e certificado expedido polo órgano xestor da sociedade en que conste o acordo de solicitar a axuda e a identidade da persoa autorizada para solicitala.
- d) Anexo III asinado por todos os titulares dos aproveitamentos situados en predios colindantes xustificativo da súa agrupación para os efectos do previsto no artigo 3º.2 c) desta orde.
- e) Anexo IV debidamente cuberto para o caso de beneficiarios con máis dunha referencia Sixpac de parcelas.
- f) Identificación do número de rexistro do proxecto de ordenación e plans técnicos de xestión do monte e/ou copia do documento de certificación PEFC e/ou FSC.
- g) Compromiso do titular do aproveitamento de poñer á disposición da Consellería do Medio Rural os

terreos necesarios para a retirada dos pés madeireiros afectados. Memoria sobre os danos causados na explotación forestal acompañada de plano ou boceto con cotas do Sixpac en que se aprecie con exactitude a superficie forestal afectada polos danos do temporal.

h) Declaración sobre calquera outra subvención ou axuda procedente de entidades públicas para os mesmos fins para que se solicite a axuda ao abeiro desta orde e, de ser o caso, póliza de aseguramento ou declaración xurada de que os servizos para os cales solicita a axuda non están cubertos polo seguro correspondente.

i) No caso de denegar o consentimento a que se refire o número 2 deste artigo, deberá presentar, ademais, o certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social e de non ter débedas coa Administración da comunidade autónoma.

4. As unidades administrativas receptoras remitirán as solicitudes aos correspondentes servizos de montes das delegacións provinciais da Consellería do Medio Rural, co fin de comprobar se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde. Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requirirase o interesado na forma establecida no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, para que nun prazo de dez días emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixer, considerarase que desistiu da súa petición, logo de resolución ditada para o efecto.

5. O persoal dos distritos forestais da Consellería do Medio Rural poderá realizar inspeccións sobre o terreo emitindo os informes necesarios para completar o expediente administrativo.

6. Se o elevado número de solicitudes presentadas impedir o normal desenvolvemento dos traballos do persoal dos servizos administrativos afectados da Consellería do Medio Rural, poderase encomendar a xestión das actuacións previstas neste artigo a calquera entidade dependente desta Administración.

Artigo 5º.-*Prazo de presentación.*

As solicitudes de axuda presentaranse no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 6º.-*Determinación da axuda.*

A axuda consistirá no financiamento e execución do aproveitamento e retirada a pé de pista ou carga doiro dos pés madeireiros afectados pola cicloxénese explosiva. O financiamento con cargo a esta orde do custo do aproveitamento terá como máximo un importe de 15,50 €/m³, e non se atenderán aquelas solicitudes de axuda que superen este custo, salvo no

caso de que sexa cofinanciado polo titular do aproveitamento.

Artigo 7º.-Instrución.

1. A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais será a competente para a tramitación e instrución do procedemento de concesión das axudas, sendo de aplicación para o seu desenvolvemento o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Á vista dos informes emitidos polos servizos técnicos da consellería, a dirección xeral instrutora, unha vez valoradas as circunstancias e os danos causados, elevará a proposta ao conselleiro para a súa resolución.

Artigo 8º.-Resolución.

1. A resolución das axudas competeralle ao conselleiro do Medio Rural, quen procederá á súa resolución a medida que se vaian presentando as solicitudes. Esta resolución notificaráselles aos interesados no prazo de dez días a partir da data en que se dite, e publicarase nos termos previstos no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O prazo para resolver e notificar as subvencións será o previsto no artigo 23.4º da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño. Se transcorrese o citado prazo máximo sen recaer resolución expresa por parte do órgano competente, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes, para os efectos da interposición dos correspondentes recursos potestativos de reposición e contencioso-administrativo.

Artigo 9º.-Control.

1. A Consellería do Medio Rural poderá realizar os controis administrativos e inspeccións que considere oportunos co fin de comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda. O beneficiario estará obrigado a colaborar na citada inspección, proporcionando os datos requiridos e facilitando, se é o caso, o acceso á explotación forestal.

2. O beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Artigo 10º.-Financiamento.

1. As axudas económicas reguladas nesta orde faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 11.06.713B.770.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e polo importe de 2.046.000 euros.

A dita cantidade poderá ser incrementada con fondos adicionais procedentes desta ou outras administracións.

2. En todo caso, a concesión das axudas estará sometida á condición de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

Artigo 11º.-Réxime de recursos.

As resolucións expresas ou presuntas ditadas en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa e contra elas poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos; ou ben poderá ser impugnada directamente ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Artigo 12º.-Réxime de reintegros, infraccións, sancións e responsabilidades.

O réxime de reintegros, infraccións, sancións e responsabilidades aplicables será o regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposicións adicionais

Primeira.-Nos aspectos non regulados nesta orde, observarase o disposto na Lei 9/2007, do 14 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Segunda.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Terceira.-A resolución de concesión das axudas reguladas nesta orde quedará condicionada á decisión positiva da Comisión Europea sobre compatibilidade destas co mercado común, de acordo co establecido no artigo 88.3º do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Montes e Industrias Forestais para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2009.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I

A CORUÑA
Abegondo
Ames
Aranga
Ares
Arteixo
Arzúa
Bergondo
Betanzos
Boimorto
Brión
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Camariñas
Cambre
Capela (A)
Carballo
Cariño
Carnota
Carral
Cedeira
Cee
Cerceda
Cerdido
Cesuras
Coirós
Corcubión
Coristanco
Coruña (A)
Culleredo
Curtis
Dumbría
Fene
Ferrol
Fisterra
Frades
Irixoa
Laracha (A)
Laxe
Lousame
Malpica de Bergantiños
Mañón
Mazaricos
Melide
Miño
Moeche
Monfero
Mugardos
Muros
Muxía
Narón
Neda
Noia
Ordes
Oroso
Ortigueira

Outes
Oza dos Ríos
Paderne
Pino (O)
Ponteceso
Ponteume
Pontes de García Rodríguez (As)
Roís
Sada
San Sadurniño
Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso
Sobrado
Somozas (As)
Teo
Toques
Tordoia
Touro
Trazo
Val do Dubra
Valdoviño
Vilamaior
Vilasantar
Vimianzo
Zas

LUGO
Abadín
Alfoz
Baleira
Baralla
Barreiros
Becerreá
Begonte
Burela
Carballedo
Castro de Rei
Castroverde
Cervantes
Cervo
Chantada
Corgo (O)
Cospeito
Folgo do Courel
Fonsagrada (A)
Foz
Friol
Guitiriz
Incio (O)
Láncara
Lourenzá
Lugo
Mondoñedo

Muras
Navia de Suarna
Negueira de Muñiz
Nogais (As)
Ourol
Pastoriza (A)
Pedrafita do Cebreiro
Pobra do Brollón (A)
Pol
Pontenova (A)
Quiroga
Ribadeo
Riotorto
Samos
Trabada
Triacastela
Valadouro (O)
Vicedo (O)
Vilalba
Viveiro
Xermade
Xove

OURENSE
Avión
Barco de Valdeorras (O)
Carballeda de Valdeorras
Castro do Val
Cenlle
Laza
Peroxa (A)
Piñor
Riós
Rubiá
San Amaro
San Cristovo de Cea
Veiga (A)
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilardevós

PONTEVEDRA
Agolada
Baiona
Dozón
Forcarei
Guarda (A)
Oia
Rodeiro
Rosal (O)
Tomíño



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



ANEXO II

PROCEDIMENTO AXUDAS PARA REPARACIÓN DE DANOS POLO TEMPORAL DAS EXPLOTACIÓNS FORESTAIS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO MR618B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		DNI/NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO (Rúa, número e andar)	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
LOCALIDADE	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

E na súa representación:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO (Rúa, número e andar)		CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
LOCALIDADE	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

Declaro baixo a miña responsabilidade que son titular dos aproveitamentos madeireiros ou representante del/deles, existentes nas parcelas abaixo indicadas e que sufriron danos pola cicloxénese explosiva e autorizo a empresa que determine a Consellería do Medio Rural para a retirada dos pés madeireiros afectados das ditas parcelas.

2. TIPO DE DECLARANTE

<input type="checkbox"/> COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN <input type="checkbox"/> ASOCIACIÓN DE PROPIETARIOS FORESTAIS (cubrir impresos II e III) <input type="checkbox"/> PROPIETARIO PARTICULAR DE XEITO INDIVIDUAL <input type="checkbox"/> AGRUPACIÓN DE PROPIETARIOS PARTICULARES (cubrir impresos II e III) <input type="checkbox"/> AGRUPACIÓN DE PROPIETARIOS PARTICULARES LEGALMENTE CONSTITUÍDA <input type="checkbox"/> PRO INDIVISO (VARIOS COPROPIETARIOS) <input type="checkbox"/> COOPERATIVA AGRARIA <input type="checkbox"/> COMUNIDADE DE BENS <input type="checkbox"/> OUTRAS PERSOAS XURÍDICAS <input type="checkbox"/> UXFOR <input type="checkbox"/> ENTIDADE LOCAL <input type="checkbox"/> S.A.T.

3. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

<input type="checkbox"/> NIF OU CIF <input type="checkbox"/> ACTA DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE E ESTATUTOS, SE É O CASO <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DO SECRETARIO DA SOCIEDADE <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE MVMC <input type="checkbox"/> NO CASO DE REPRESENTACIÓN, AUTORIZACIÓN PARA FACER A SOLICITUDE <input type="checkbox"/> XUSTIFICACIÓN DA TITULARIDADE DO APROVEITAMENTO MADEIREIRO <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE AXUDAS <input type="checkbox"/> IDENTIFICACIÓN DO NÚMERO DE REXISTRO DO PROXECTO DE ORDENACIÓN OU PLAN DE XESTIÓN DO MONTE <input type="text"/> <input type="checkbox"/> DOCUMENTO DE CERTIFICACIÓN (PEFC e/ou FSC) <input type="checkbox"/> DOCUMENTO XUSTIFICATIVO DA AGRUPACIÓN PARA EFECTOS DO DISPOSTO NO ARTIGO 3.2.C DESTA ORDE.

4. DATOS DOS TERREOS

PROVINCIA		CONCELLO			PARROQUIA	
LUGAR						
Terreos con plan de xestión aprobado pola administración forestal <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON						
Terreos con xestión certificada baixo sistema PEFC ou FSC: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON						
DESCRICIÓN SIXPAC OU, NA SÚA FALTA, CATASTRAL <i>(no caso de asociacións, agrupacións ou particulares con máis dunha referencia Sixpac empregar o anexo IV)</i>						
CÓDIGO CONCELLO / AGREGADO Nº díxitos (5)/(3)	ZONA Nº díxitos (3)	POLÍGONO Nº díxitos (5)	PARCELA Nº díxitos (8)	RECINTO OU SUBPARCELA Nº díxitos (5)	SUPERFICIE (ha)	
					SIXPAC OU CATASTRAL	AFECTADA/SUPERFICIE DE ACTUACIÓN

5. DANOS SUFRIDOS

MASA ARBÓREA	ESPECIE				
	IDADE (anos)				
	SUPERFICIE (ha)				
	% MASA AFECTADA *				
	VOLUME AFECTADO (m ³)				
INFRAESTRUTURAS	CERRAMENTOS (m.l.)				
	CONSTRUCCIÓN (tipo)				
	OUTROS				

*: Os valores de porcentaxe situaranse nos seguinte rangos: [0-25%], [25-50%], [50-75%] ou [75-100%]

1.- Autorizo a Consellería do Medio Rural para que, de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publique na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos fornecidos e da súa publicación na citada páxina web.

2.- Autorizo a Consellería do Medio Rural para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

3.- Estou informado de que, en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Coñezo que podo exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a esa consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 7 de abril de 2009 pola que se desenvolven as medidas urxentes previstas no Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, para a recuperación das zonas forestais polos danos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro.</i>
SINATURA DAS PERSOAS SOLICITANTES OU PERSOA QUE AS REPRESENTA _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE

REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	____/____/____
	DATA DE EFECTOS
	____/____/____
	DATA DE SAÍDA
	____/____/____

Conselleiro do Medio Rural

